

# V ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA

Illa de Arousa,  
3, 4, 5 e 6 de xullo de 2003



federación galega  
pola cultura marítima



REVISTA DE CULTURA MARITIMA

# O MUSEO MASSÓ



FOTO: AMANDO

Dende as súas orixes, o Museo Massó aséntase sobre os vellos edificios das primitivas fábricas de salga e de envases da conservera Massó. No seu frente cara ó mar, antigamente praia, aínda se recofiecen as fachadas das fábricas de 1883 e de 1926. A familia Massó, asentada en Bueu xa no 1816, fixo xurdir a carón da súa actividade industrial unha espléndida colección que é testemuña das iniciativas culturales de principios do século XX vencelladas as sagas de conserveros cataláns.

A colección inaugúrase como Museo en 1932 amosando nas súas vitrinas modelos de embarcacións históricas, rares exemplares de náutica, cartografía incunables e documentación manuscrita que conforman un conxunto de xoias bibliográficas de extraordinario valor e que nos invitan a descubrir cómo a aventura marítima, que puso en comunicación a todos os continentes da terra, derivou dos adiantos das ciencias náuticas, dos progresos da cartografía e da labor común que despertou a curiosidade por saber.

O museo tamén abre unha liña moi orixinal para a súa época, de matiz esencialmente pesqueiro e conservero, sendo un escenario de exposición das antigas máquinas que deron orixe á industria

conserveira e dos útiles de oficios e xeitos de vida ligados á pesca, recollendo nos seus fondos todos os temas que gardan relación co mar e as súas xentes.

## AS SALAS DO MUSEO

### Entrada

Nesta sala atopamos dous cadros dun dos pintores galegos más salientables, Urbano Lugris, quen fixo do mar a súa fonte de inspiración.

Tamén poderemos disfrutar da visión de dúas películas documentais. Una delas, realizada no 1928, mostra o funcionamento da fábrica Alonartí ademáis de curiosos detalles sobre a vida dos traballadores na chamada *belle époque*. O segundo documental recolle secuencias rodadas por Gaspar Massó desde o ano 1924 ata os anos 50, nas que podemos ver distintas actividades relacionadas coa vida mariñeira e as Industrias Massó.

### Sala Baixa

Carpintería de Ribeira e Embarcacións Tradicionais

- Podemos observar instrumentos que van desde a tala e a preparación da madeira ata un patrón para reproducir as curvas das cadernas dos barcos e útiles de calafateado.

-Ocupa un posto central o *Bote Polbeiro* de Bueu, embarcación xenuína deste porto, caracterizado por ter a metade de manga que de eslora, aparellar vela "mística" e utilizar remo cruzado.

- Tamén destacan as maquetas de embarcacións tradicionais recollidas no libro *Barcos de Galicia* de José M<sup>a</sup> Massó.

### Industria Conserveira

Nesta sección podemos atopar testemuñas da construc-





FOTO: AMANDO



ción de envases de conserva: Pranchas litografadas de antigas marcas da empresa MASSÓ e máquinas rudimentarias para latería –cizalla manual, prensas e troqueis metálicos e de madeira-.

Así mesmo achamos maquinaria de procesos de fábrica: o primeiro motor de vapor da factoría, unha autoclave para a esterilización e unha mesa de soldador manual.

Tamén podemos disfrutar de mostras de tarxas para o control da descarga do peixe e distintos selos da firma MASSÓ.

### Salga

Preséntasenos un sistema de prensa de sardiña dunha antiga fábrica de salga, tabais e barris para o envase e comercialización do peixe.

### Sala Anexa

Nesta sala amósanse artes de pesca e marisqueo (potcira,

raña, nasa...), útiles de redearía (agullas, chumbadas, cortizos...), carrexo e medida (cestas, caixons, patelas...).

Ademais expóñense diversos instrumentos para a caza e despece da balea (cañón aparellado, lanzas de inflado, coitelas de corte...).

### Sala Nobre

É a sala emblemática do museo. Podemos achar nela incunables, os primeiros textos



de náutica europeos, libros sobre a construcción de reloxos de sol, a *Cosmographia* de Tolomeo, gravados e interesantes documentos como os referidos á expedición de Malaspina, cartas autógrafas de Felipe II ou títulos de venda de escravos.

Tamén poderemos contemplar antigos instrumentos náuticos: sextante, octantes, astrolabio, nocturlabio etc.

Son espectaculares os modelos de embarcacións históricas como a Nao Victoria, a Capitana de Oquendo, o San Juan Nepomuceno,...

Centran a Sala o comedor de oficiais dun mercante ruso e un mascarón de proa que representa a San Telmo.

## BUEU

Vila de 15.000 habitantes situado na marxe sur da Ría de Pontevedra, a 20 km. da capital e a 30 km. de Vigo.

A súa lonxa de peixe de baixura, entre as más importantes de España pola grande variedade de especies que nela se puxan, e os seus polígonos de explotación del mexillón falan da súa importante riqueza en pesca e acuicultura.

Está a experimentar un crecente interese turístico grazias ó seu privilexiado enclave,

cheo de pequenas praias, roteiros de sendeirismo a través



## HORARIO:

**DE MARTES A SÁBADO: 10:00 A 20:00**

**DOMINGOS E FESTIVOS: 10:00 A 14:00**

**MONTERO RÍOS S/N**

**36930 BUEU**

**TLF.: 986 321636**

de fragas e soutos e vistas marabillosas.

Os restos paleolíticos atopados en Bueu demostran que foi habitado dende a antigüidade. Destacan as súas mámoas (enterramentos megalíticos), os petroglifos, os restos romanos, a igrexa románica de Cela, os seus pazos e, por suposto, o Museo Massó.

Pola variedade e pervivencia de utensilios mariñeiros (embarcacións, artes de pesca, etc.) Bueu pode ser considerado un auténtico museo viviente ainda que a súa mellor oferta é a súa xente.